3.2. Dinámica empresarial

A ralentización no ritmo de crecemento da actividade económica en 2023 tradúcese nunha nova caída interanual do número de empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social en Galicia, que remata o ano con 80.106 empresas, 482 menos que no ano anterior. Atendendo á evolución ao longo dos últimos anos cómpre resaltar en primeiro lugar o descenso paulatino do seu peso relativo no total estatal dende o ano 2010; e en segundo lugar, tanto en Galicia como en España o número de empresas inscritas é inferior ao rexistrado en 2019, sendo esta caída significativamente máis acusada na Comunidade Autónoma.

No que á dinámica empresarial se refire, no ano 2023 constituíronse un total de 14,7 sociedades por cada 10.000 habitantes fronte ás 22,4 sociedades no conxunto do Estado, o que supón o diferencial máis acusado dende a crise económica e financeira de 2008. Doutra banda, o índice de rotación, entendido como o número de sociedades disoltas por cada cen constituídas, presenta no último ano un importante descenso, acadando en Galicia un valor de 32,9, reducíndose no conxunto de Estado ata as 22,9 sociedades extinguidas por cada cen constituídas.

Xunto aos devanditos índices, o número de debedores concursados constitúe un indicador importante da dinámica empresarial. O número de debedores concursados en Galicia en 2023 ascende a 785 (un 26,8% superior ao ano anterior; 166 máis), dos que 563 son persoas físicas, con e sen actividade empresarial, e as restantes 222 son empresas. Este incremento ven explicado en maior medida pola evolución das persoas físicas, con 136 debedores concursados máis, aumentando as empresas concursadas en 30 empresas.

Empresas inscritas na Seguridade Social

A ralentización da economía galega incide nunha nova caída do número de empresas inscritas na Seguridade Social. A 31 de decembro 2023 Galicia conta con 80.106 empresas inscritas, o que supón unha caída interanual do 0,6% (482 empresas menos). Fronte a este descenso, España presenta unha medra do 0,6% respecto ao ano anterior, polo que continúa o descenso do peso relativo das empresas galegas no total estatal, que no último ano se sitúa no 6%, unha décima menos que no último día do ano 2022.

Atendendo á súa evolución ao longo dos últimos anos,

Empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social en Galicia e España 2008-23 (1) (2)

	Galicia	España	Galicia / España (%)	Galicia (taxa de variación interanual)	España (taxa de variación interanual)
2019	82.285	1.340.415	6,14	-0,7	-0,5
2020	79.531	1.295.656	6,14	-3,3	-3,3
2021	81.366	1.332.390	6,11	2,3	2,8
2022	80.588	1.329.897	6,06	-1,0	-0,2
2023	80.106	1.338.191	5,99	-0,6	0,6

	2023	2022	23/22	23/22 (%)
Galicia	**80.106**	**80.588**	**-482**	**-0,6**
A Coruña	33.620	33.807	-187	-0,6
Lugo	10.966	11.035	-69	-0,6
Ourense	9.342	9.338	4	0,0
Pontevedra	30.004	30.175	-171	-0,6

(1) empresas con traballadores inscritas o último día de cada período; unha mesma empresa pode ter centros de traballo en varias provincias, polo que a suma dos totais provinciais non ten porque coincidir co total da C.A.

(2) Empresas con traballadores, obtidas agrupando Contas de cotización co mesmo Número de Identificación Fiscal. Inclúense o Réxime Xeral (excepto Sistema Especial de Empregados de Fogar), o Réxime da Minería do Carbón e o Réxime Especial dos Traballadores do Mar (conta allea). Do sector público exclúense "Administración Pública e Defensa; Seguridade Social obrigatoria".

Fonte: Ministerio Trabajo y Economía Social. *Estadística de Empresas Inscritas en la Seguridad Social*

3.2.1.


o **gráfico 3.2.2.** reflicte a tendencia descendente do peso relativo das empresas galegas no total estatal pasando do 6,73% do ano 2010 ata o 5,99% do último ano. Asemade, se se toma como referencia o número de empresas a 31 de decembro de 2019, a caída do número de empresas é significativamente superior na Comunidade autónoma que en España. En concreto, o número de empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social en Galicia é un 2,6% inferior ao rexistrado ao comezo da crise socioeconómica orixinada pola pandemia (–0,2% no conxunto do Estado). Ao mesmo tempo cómpre resaltar, a diferenza do que acontece no conxunto do Estado, a significativa destrución do tecido empresarial en Galicia dende o ano 2008, cunha caída do 8,4% (7.366 empresas menos), fronte ao incremento do 0,5% en España.

O número de empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social descende en todas as provincias agás en Ourense, onde se mantén practicamente estable (4 empresas inscritas máis), descendendo un 0,6% nas outras tres provincias. En termos absolutos, o descenso máis acusado rexistrouse na Coruña, con 187 empresas menos, fronte ás 171 en Pontevedra e as 60 menos en Lugo. Tras esta evolución, as provincias da Coruña e Pontevedra concentran o 79,4% das empresas inscritas, mesma porcentaxe que no ano anterior (33.620 e 30.004 empresas, respectivamente).

Se a comparación se realiza coa situación rexistrada ao comezo da crise orixinada pola pandemia, ningunha provincia acada o nivel precrise, salientando en termos relativos a evolución na provincia de Lugo, onde o número de empresas con persoas traballadoras inscritas atópase aínda un 4,9% por baixo (571 empresas menos), situándose a continuación Ourense, cun descenso do 4,2% (412 empresas menos). En termos absolutos, A Coruña presenta o descenso máis acusado, con 638 empresas menos, fronte ás 326 empresas inscritas menos en Pontevedra (-1,9% e -1,1%, respectivamente).

Dende un punto de vista sectorial, case tres de cada catro empresas inscritas na Seguridade Social en Galicia pertencen ao sector servizos (74,3%; 59.555), seguido da construción, que acolle un 10,4% das empresas (8.360), a industria, cun 8,5% (6.843) e o sector primario, cun 6,7% (5.348). Comparado coa estrutura sectorial no conxunto do Estado, Galicia presenta un menor

Evolución de empresas con traballadores inscritos na Seguridade Social Galicia-España: 2008-23



Fonte: Ministerio Trabajo y Economía Social. *Estadística de Empresas Inscritas en la Seguridad Social*

3.2.2.

peso relativo no sector primario (8% en España), sendo do 73,8% o peso do sector servizos no conxunto do Estado, do 10,3% no caso da construción, e do 7,8% no do conxunto das ramas industriais.

Os catro grandes sectores presentan unha caída interanual do número de empresas inscritas na Seguridade Social, o que contrasta coa evolución no conxunto de España, onde tan só se reduce o número de empresas industriais.

Dunha banda, o descenso máis acusado en Galicia en termos relativos rexístrase no sector primario, cunha redución do 4,2% (237 empresas menos que no ano anterior); por diante da industria, cunha caída interanual do 1,6% (111 empresas). No ámbito da construción, a redución do número de empresas galegas foi do 0,5% (45 empresas menos) e do 0,1% no sector terciario (89 empresas menos). Doutra banda, fronte ao devandito descenso interanual en España no sector industrial (-0,9%), o número de empresas con traballa-

Empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social en Galicia e España 2008-23: distribución sectorial e segundo titularidade

	Galicia					
	2019	2020	2021	2022	2023	23/22
Total	**82.285**	**79.531**	**81.366**	**80.588**	**80.106**	**-0,6**
Primario	5.744	5.672	5.736	5.585	5.348	-4,2
Industria	7.219	7.087	7.063	6.954	6.843	-1,6
Construción	8.206	8.258	8.498	8.405	8.360	-0,5
Servizos	61.116	58.514	60.069	59.644	59.555	-0,1
Total	82.285	79.531	81.366	80.588	80.106	-0,6
Persoa física	33.163	31.197	31.869	30.963	30.183	-2,5
Persoa xurídica	49.122	48.334	49.497	49.625	49.923	0,6

	España					
	2019	2020	2021	2022	2023	23/22
Total	**1.340.415**	**1.295.656**	**1.332.390**	**1.329.897**	**1.338.191**	**0,6**
Primario	116.108	117.104	115.745	106.401	107.403	0,9
Industria	108.262	105.955	106.453	105.523	104.563	-0,9
Construción	126.261	126.842	132.857	136.224	138.375	1,6
Servizos	989.784	945.755	977.335	981.749	987.850	0,6
Total	1.340.415	1.295.656	1.332.390	1.329.897	1.338.191	0,6
Persoa física	511.878	482.429	497.534	485.738	484.514	-0,3
Persoa xurídica	828.537	813.227	834.856	844.159	853.677	1,1

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social. *Estadística de Empresas Inscritas en la Seguridad Soci*

3.2.3.

dores inscritas na SS aumenta un 1,6% no sector da construción fronte ao 0,9% no sector primario e do 0,6% nos servizos.

No que respecta á titularidade das empresas, a 31 de decembro de 2023 o 62,3% das empresas corresponden a persoas xurídicas e as restantes 37,7% son persoas físicas, situándose esta relación en España no 63,8% no caso das persoas xurídicas e no 36,2% no das persoas físicas. Na mesma data de 2019, as persoas xurídicas representaban o 59,7% en Galicia fronte ao 61,8% en España.

• Perfil do traballador autónomo

O número de traballadores afiliados por conta propia na Seguridade Social en Galicia descende novamente no conxunto do ano 2023 para situarse nas 213.989 persoas (205.429 no réxime especial de traballadores autónomos), dos que 128.966 persoas son "autónomos propiamente ditos", é dicir, non están integrados en sociedades mercantís, cooperativas ou outras entidades societarias, tampouco son colaboradores familiares nin están rexistrados como parte dalgún colectivo especial de persoas traballadoras. Este colectivo de autónomos persoas físicas representa o 6,4% do total Estatal, unha décima menos que no ano anterior, perda de peso consecuencia dun descenso no número de autónomos persoas físicas en Galicia superior ao rexistrado de media en España (-2,1% e -0,6%, respectivamente).

O **cadro 3.2.4.** reflicte que o descenso do número de persoas traballadoras propiamente ditas en Galicia prodúcese tanto entre as mulleres como entre os homes, sendo este máis intenso entre as mulleres (-2,2% e -1,9%, respectivamente). Por contra, no conxunto de España rexístrase, ao igual que no ano anterior, unha medra entre as mulleres (0,4%), o que contrasta co descenso interanual no caso dos homes (-1,1%).

Traballadores autónomos propiamente ditos en Galicia e España 2023: principais características (1)

	2023					23/22	
	Galicia		España		Galicia / España	Galicia	España
		(%)		(%)	(%)	(%)	
Total	**128.966**	**100**	**2.016.318**	**100**	**6,4**	**-2,1**	**-0,6**
sector de actividade							
agricultura	23.517	18,2	214.687	10,6	11,0	-5,2	-1,7
industria	5.453	4,2	80.515	4,0	6,8	-4,3	-2,6
construción	15.892	12,3	232.847	11,5	6,8	-1,8	-0,6
servizos	84.104	65,2	1.488.269	73,8	5,7	-1,0	-0,3
situación profesional							
sen asalariados	102.835	79,7	1.603.593	79,5	6,4	-2,1	-0,6
con asalariados	26.131	20,3	412.725	20,5	6,3	-2,0	-0,2
sen pluriactividade	120.342	93,3	1.864.726	92,5	6,5	-2,5	-0,9
con pluriactividade	8.624	6,7	151.592	7,5	5,7	4,7	3,9
sexo							
homes	75.098	58,2	1.274.489	63,2	5,9	-1,9	-1,1
mulleres	53.868	41,8	741.829	36,8	7,3	-2,2	0,4
idade							
< 25 anos	1.697	1,3	42.600	2,1	4,0	-2,6	-1,1
25-39 anos	24.809	19,2	472.964	23,5	5,2	-5,4	-2,4
40-54 anos	58.723	45,5	894.203	44,3	6,6	-2,8	-1,4
55 ou máis anos	43.737	33,9	606.551	30,1	7,2	1,0	2,3
nacionalidade							
españois	122.693	95,1	1.727.154	85,7	7,1	-2,5	-1,4
estranxeiros	6.273	4,9	289.164	14,3	2,2	7,3	4,5
antiguidade no negocio							
< 6 meses	6.675	5,2	149.536	7,4	4,5	-25,2	-14,2
6-11 meses	6.744	5,2	133.543	6,6	5,1	4,0	1,2
1-3 anos	18.780	14,6	347.670	17,2	5,4	2,6	3,4
3-5 anos	13.113	10,2	233.547	11,6	5,6	-11,4	-9,1
5 ou máis anos	83.654	64,9	1.152.022	57,1	7,3	0,6	2,1
base de cotización							
mínima	13.894	10,8	313.478	15,5	4,4	-81,3	-76,3
entre mínima e 1,5 veces mínima	90.100	69,9	1.502.860	74,5	6,0	173,8	184,5
1,5-2 veces mínima	16.600	12,9	103.810	5,1	16,0	3,8	32,1
2-3 veces mínima	7.273	5,6	77.586	3,8	9,4	-2,4	-3,6
máis de 3 veces mínima	1.099	0,9	18.584	0,9	5,9	17,4	13,6


(1) datos a 31 de decembro
Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social

3.2.4.

En relación á chamada situación profesional destas traballadoras e traballadores autónomos, o descenso do número de persoas autónomas sen asalariados en Galicia (o 79,7% do total) situouse no último ano no 2,1%, sendo esta caída do 2% no caso daqueles que si teñen persoas asalariadas. No conxunto do Estado rexístrase unha redución en ambos os dous casos, situándose no 0,6% no caso das persoas traballadoras autónomas sen asalariados, e do 0,2% entre os que si teñen persoas asalariadas.

Atendendo á desagregación segundo grandes grupos de idade, tanto en Galicia como no conxunto de España tan só aumenta o número de persoas traballadoras autónomas entre os maiores de 55 anos, cun incremento do 2,3% en España fronte ao 1% na Comunidade Autónoma (424 persoas máis). Asemade, a caída rexistrada nos outros grupos de idade é máis acusada en Galicia que no Estado. A perda de traballo autónomo máis importante en termos relativos rexístrase entre as persoas de 25-39 anos, cun descenso do 5,4% (1.428

Traballadores autónomos afiliados 2014-23: taxa variación interanual



Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social

3.2.5.

persoas menos) e entre aquelas que pertencen á franxa entre 40 e 54 anos, cun 2,8% (1.664 persoas menos), situándose esta porcentaxe no 2,4% e 1,4% en España, respectivamente. Entre os máis novos o descenso interanual foi do 2,6% (46 persoas menos), punto e medio por riba do rexistrado no conxunto de España.

O peso dos autónomos de nacionalidade estranxeira sobre o total é moi reducido en Galicia (4,9%) en comparación coa media estatal (14,3%), a pesar de que no último ano o incremento en Galicia das persoas autónomas de nacionalidade non española volve a ser superior á media do Estado, un 7,3% máis fronte ao 4,5% en España (6,5% e 6,2% no ano anterior, respectivamente). Asemade hai que sinalar que o número de persoas autónomas propiamente ditas redúcese no caso das persoas de nacionalidade española tanto en Galicia como no conxunto do Estado (-2,5% e -1,4%, respectivamente).

Tendo en conta o sinalado anteriormente, o perfil maioritario das persoas empresarias autónomas propiamente ditas en Galicia continúa sendo o dun varón de nacionalidade española que traballa no sector servizos, aínda que cunha importante presenza na agricultura; sen asalariados ao seu cargo; cunha soa actividade; cunha idade comprendida entre 40 e 54 anos; con cinco ou máis anos no seu negocio; e que cotiza entre a base mínima e 1,5 veces a base mínima de cotización.

Ao mesmo tempo cómpre sinalar as diverxencias co perfil medio no conxunto de España, entre as que se poden destacar: unha importante presenza en Galicia de autónomos na agricultura, que representan o 18,2% do total en Galicia fronte ao 10,6% a nivel estatal; a maior presenza de mulleres que na media do Estado, co 41,8% fronte ao 36,8% do total en España; as persoas de nacionalidade estranxeira tan só representan o 4,9% en Galicia, lonxe da media española, que ascende ata o 14,3%; ou que o 12,9% destas persoas autónomas cotizan entre 1,5 e dúas veces a base mínima de cotización fronte ao 5,1% en España, e un 10,8% o fai pola base mínima fronte ao 15,5% no conxunto do Estado.

Dinámica empresarial

O Rexistro Mercantil Central proporciona información baseada en memorias estatísticas que se refiren aos actos societarios de constitución, extinción, transformación, fusión, aumento e redución de capital, situa-

Sociedades mercantís creadas, que amplían capital e disoltas en Galicia e España 2023

	Galicia					España
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Constituidas	**3.979**	**1.671**	**392**	**351**	**1.565**	**108.091**
Anónimas	8	4	-	1	3	423
Limitadas	3.967	1.667	388	350	1.562	107.649
Outras	4	-	4	-	-	19
Amplían capital	**1.060**	**406**	**131**	**109**	**414**	**29.424**
Anónimas	35	14	3	5	13	1.464
Limitadas	1.025	392	128	104	401	27.948
Outras	-	-	-	-	-	12
Extinción	**1.311**	**554**	**145**	**119**	**493**	**24.764**
Voluntaria	1.130	479	120	111	420	20.353
Por fusión	72	33	7	4	28	2.446
Outras	109	42	18	4	45	1.965
Constituidas						
Número	3.979	1.671	392	351	1.565	108.091
Capital	171.173	75.598	17.411	20.267	57.897	6.289.896
Capital desembolsado	171.013	75.553	17.411	20.267	57.782	6.202.317
Amplían capital						
Número	1.060	406	131	109	414	29.424
Capital	355.299	177.994	17.268	16.475	143.562	21.469.178
Capital desembolsado	-	-	-	-	-	-
Reducen Capital						
Número	36	12	3	5	16	7.017
Capital	14.945	6.281	59	1.128	7.477	10.225.719
Capital desembolsado	-	-	-	-	-	-
Disoltas						
Número	1.311	554	145	119	493	24.768
Capital	-	-	-	-	-	-
Capital desembolsado	-	-	-	-	-	-

Fonte: Registro Mercantil Central

3.2.6.


cións concursais e sistemas de administración societaria, que permite analizar a evolución do tecido produtivo.

Tras o incremento interanual do 4,6%, o número de empresas constituídas no ano 2023 ascende a 3.979, o que supón o valor máis elevado dende a crise de 2019. En concreto, un 5,5% superior, porcentaxe significativamente inferior ao rexistrado no conxunto de España, cunha medra do 15,1%. Este diferencial apréciase en maior medida se se considera o inicio da crise económica e financeira de 2008, xa que fonte ao incremento da constitución de sociedades nun 4,4% en España, o tecido empresarial galego redúcese un 26,7% (1.446 sociedades menos).

Atendendo á súa distribución provincial, A Coruña e Pontevedra concentran no último ano o 81,3% das sociedades constituídas en Galicia, o que supón un punto máis que no ano anterior (81,4% en 2019). Tras unha medra interanual do 6% en ambas as dúas provincias, no ano 2023 constituíronse na Coruña un total de 1.671 sociedades mercantís e en Pontevedra, 1.565 sociedades. Este dinamismo contrasta co descenso nun 3,3% experimentado en Ourense, permanecendo practicamente estable en Lugo.

Se o horizonte temporal se amplía ao inicio da crise orixinada pola covid-19, o maior incremento en termos relativos rexístrase en Lugo, cunha medra do 15,6% (66 sociedades constituídas máis), por diante de Ponteve-

Sociedades mercantís constituídas e extinguidas en Galicia e España 2008-23



Fonte: INE, *Estadísticas de sociedades mercantiles*

3.2.7.


dra, cun 6,7% (98 sociedades) e A Coruña, cun 4,1% (66 sociedades constituídas máis). Por contra, a provincia de Ourense presenta un descenso do 2,8% entre os dous anos considerados, o que supón que en 2023 constituíronse dez sociedades menos que en 2019.

A relación entre o número de sociedades constituídas por cada 10.000 habitantes pode considerarse un indicador da creación de sociedades mercantís. A taxa de creación de empresas no ano 2023 aumenta ata as 14,7 sociedades por cada 10.000 habitantes, seis décimas por riba do estimado no ano anterior, lonxe das 22,4 sociedades no conxunto de España (20,7 no ano 2022). Como se reflicte no cadro 3.2.8., a taxa de creación de empresas mantense por baixo do rexistrado en España, presentando no último ano o diferencial máis acusado ao longo de toda a serie considerada (7,6 puntos fronte aos 6,6 puntos do ano anterior).


O devandito incremento da taxa de creación de empre-

Índice de rotación empresarial en Galicia e España 2008-23 (1)

Taxa de creación de empresas (1)



Índice de rotación empresarial (2)



(1) Taxa de creación de empresas: Sociedades mercantís constituídas por cada 10.000 habitantes


(2) índice de rotación empresarial: cociente entre o número de disolucións de empresas fronte ao de novas constitucións
Fonte: INE, *Estadísticas de sociedades mercantiles*

3.2.8.

sas non se produce de xeito homoxéneo nas diferentes provincias galegas, aumentando en Pontevedra e A Coruña fronte ao descenso experimentado en Ourense. Pontevedra continúa a ser a provincia coa taxa de creación de empresas máis elevada, con 16,5 sociedades creadas en 2023 por cada 10.000 habitantes (15,6 no ano anterior), ascendendo o seu valor ata as 14,9 sociedades na Coruña (14 sociedades en 2022). Por segundo ano consecutivo Ourense presenta a taxa máis reducida, con 11,5 empresas por cada 10.000 habitantes, o que supón catro décimas menos que no ano precedente, manténdose a taxa de creación de empresas en 12,1 sociedades por cada 10.000 habitantes.

A pesar do devandito incremento do número de sociedades constituídas, o seu capital subscrito volve a reducirse en 2023 por cuarto ano consecutivo. Neste último ano, tras unha caída interanual do 6%, o capital subscrito acada os 171,2 millóns de euros, 10,9 millóns menos que no ano anterior. Esta redución contrasta novamente co incremento rexistrado en España onde o capital subscrito medra un 21,2% respecto ao ano anterior. Deste xeito, o capital medio subscrito por estas sociedades en Galicia redúcese un 10,1%, acadando os 43.019,1 euros, o que contrasta coa medra interanual do 11,1% no conxunto de España (58.190,7 euros).

Debedores concursados 2008-23. Empresas concursadas e persoas físicas con actividade empresarial



Fonte: INE, *Estadística del Procedimiento Concursal* e Colegio de Registradores de España, *Estadísticas Concursales*

3.2.9.

A devandita caída no capital subscrito en Galicia é consecuencia da redución na subscrición de capital das empresas constituídas nas provincias de Pontevedra e Ourense. En concreto, en Pontevedra o descenso foi de 27,7 millóns de euros (–32,4%), fronte aos 11,6 millóns en Ourense (–36,4%). Por contra, tras o descenso experimentado no ano 2022, o capital subscrito aumenta na Coruña en 24,7 millóns de euros e en Lugo, en 3,7 millóns (48,4% e 27,4%, respectivamente). Tras esta evolución, A Coruña concentra o 44,2% do capital subscrito fronte ao 33,8% en Pontevedra; sendo estas porcentaxes do 11,8% e 10,2% en Ourense e Lugo, respectivamente.

No que atinxe ás ampliacións de capital, o número de sociedades mercantís que ampliaron o seu capital redúcese novamente en Galicia, o que contrasta coa medra interanual rexistrada no conxunto do Estado. Tras un descenso do 8,3% en Galicia (aumenta un 1,3% en España), no último ano rexistráronse 1.061 ampliacións, reducíndose o seu peso relativo no total estatal ata o 3,6%. O capital desembolsado rexistrou en Galicia unha redución do 16,4% fronte ao incremento do 8,8% experimentado en España. Tras esta evolución, o capital desembolsado nas diferentes ampliacións das sociedades galegas descende ata os 357 millóns de euros, o 1,7% do total estatal (2,2% no ano precedente).

O maior descenso do número de sociedades que amplían capital rexístrase na Coruña, con 120 sociedades menos (-22,8%), reducíndose en 9 sociedades en Ourense (-7,6%). Fronte a esta caída Lugo presenta unha medra interanual 27,2% (28 sociedades máis), permanecendo practicamente estable en Pontevedra (5 sociedades máis; 1,2%).

No que respecta ao capital desembolsado por estas sociedades que amplían capital, tan só Pontevedra presenta un incremento de capital desembolsado, cunha medra do 31,5% (34,4 millóns de euros máis), rexistrando A Coruña o maior descenso en termos absolutos, con 63,8 millóns menos (-26,2%). A pesar do devandito incremento do número de sociedades que amplían capital en Lugo, o seu capital desembolsado descende un 47,3% (15,5 millóns menos), sendo esta caída do 60,2% en Ourense (25 millóns). A pesar da devandita evolución, A Coruña concentra o 50,3% do capital desembolsado (179,7 millóns de euros) fronte ao

40,2% (143,6 millóns) en Pontevedra (57,1% e 25,6% no ano precedente).

O número de sociedades mercantís extinguidas en Galicia volve a reducirse no último ano tras o acusado incremento experimentado en 2021 (22,3%). En 2023 extinguíronse en Galicia un total de 1.311 sociedades, o que supón un 13,2% menos que no ano anterior (199 sociedades). Tendo en conta que no conxunto do Estado o número de empresas que se extinguen se reduce un 5,6%, o peso relativo de Galicia no total estatal descende ata o 5,3% (6,3% no ano 2019), o que supón o valor máis reducido dende o ano 2008. O devandito descenso do número de sociedades disoltas prodúcese en todas as provincias galegas rexistrando A Coruña a maior redución, 13,4% menos (86 sociedades menos). Tras esta evolución, A Coruña mantense como a provincia con maior número de extincións, con 554, por diante de Pontevedra, que rexistra 493 extincións, 53 menos que no ano precedente (-9,7%), e Lugo, con 145, un 12,1% menos que no ano anterior (20 sociedades menos). O número de sociedades disoltas redúcese un 25,2% en Ourense para situarse en 119 sociedades (40 menos que no ano precedente).

En termos relativos, o número de sociedades mercantís extinguidas por cada cen constituídas (índice de rotación) redúcese por segundo ano consecutivo en Galicia no último ano para situarse nas 32,9 empresas extinguidas por cada cen sociedades constituídas (39,7 no ano precedente). No conxunto de España o índice de rotación descende ata o 22,9, o que supón unha caída de case catro sociedades extinguidas por cada cen constituídas. Tal e como se reflicte no devandito cadro 3.2.8., este indicador mantense por riba da media española ao longo de toda a serie analizada, ascendendo o diferencial ata os dez puntos no ano 2023, a cifra máis reducida dende o ano 2010.

As catro provincias galegas presentan un índice de rotación superior á media estatal. A diferenza do acontecido no ano anterior, Lugo rexistra o valor máis elevado do índice de rotación, cun total de 37 sociedades extinguidas por cada cen constituídas; seguido de Ourense con 33,9 sociedades. Pontevedra mantense como a provincia que presenta o valor máis reducido, con 31,5 sociedades extinguidas por cada cen constituídas, situándose na Coruña en 33,2.

• Empresas concursadas

A Estatística do Procedemento Concursal proporciona información sobre o número de debedores concursados, tipo de concurso e procedemento. A dita información obtense a partir dos boletíns oficiais dos xulgados do mercantil, entre outros, e permite dispor dun indicador fundamental da dinámica empresarial. O número de debedores concursados en Galicia no conxunto do ano 2023 aumenta un 26,8% respecto ao ano anterior, ascendendo a 785 debedores (166 máis que no ano anterior), dos que 563 son persoas físicas con ou sen actividade empresarial e as restantes 222 son empresas. O devandito incremento interanual ven explicado en maior medida pola evolución das persoas físicas, con 136 debedores concursados máis (31,9%), aumentando no caso das empresas concursadas un 15,6%, o que supón 30 máis que no ano anterior.

Centrándonos nas empresas concursadas propiamente ditas, sen contar as persoas físicas con actividade empresarial, o **cadro 3.2.10.** amosa que o perfil maioritario de empresas concursadas, no que ao sector de actividade principal se refire, son aquelas que desenvolven a súa actividade no ámbito do sector servizos, que concentra o 60,4% do total (134 das 222 empresas concursadas), seis puntos por baixo da media estatal, que ascende ata o 66,5%. A continuación sitúase a construción, con 41 empresas concursadas, o que representa o 18,5% fronte ao 16,8% en España; e a industria, con 39 empresas, o 17,6% do total (14,4% en España). Finalmente, unha empresa englóbase no sector enerxético e sete no primario. Atendendo ao seu peso no total estatal, cómpre salientar a importancia relativa do sector primario, que supón o 9,7% das empresas concursadas no sector, seguido pola industria, co 6%; e a construción e os sector servizos, cun 5,4% e 4,4%, respectivamente.

Atendendo á súa distribución segundo rama de actividade, o maior número de empresas concursadas no úl-

Empresas concursadas en Galicia e España 2022-23: distribución segundo actividade económica principal (1)

	Galicia		España		Galicia / España
	2022	2023	2022	2023	(%)
Total	**192**	**222**	**5.183**	**4.544**	**4,9**
Agricultura, gandeiría, silvicutura e pesca	1	7	69	72	9,7
Industria	35	39	644	655	6,0
Industria extractiva	-	1	7	4	25,0
Industria manufactureira	35	38	637	651	5,8
Enerxía	3	1	32	33	3,0
Construción	40	41	837	763	5,4
Servizos	113	134	3.601	3.021	4,4
Comercio maiorista e minorista, reparación de vehículos a motor e motocicletas	55	56	1.197	1.168	4,8
Transporte e almacenamento	7	16	253	189	8,5
Hostelería	17	25	588	463	5,4
Información e comunicacións	4	3	218	150	2,0
Inmobiliarias, financeiras e seguros	-	6	249	192	3,1
Actividades profesionais e técnicas	8	9	392	304	3,0
Actividades administrativas e servizos auxiliares	7	6	246	172	3,5
Resto de servizos	15	13	458	383	3,4

(1)Ano 2021 e posteriores datos do Colegio de Registradores de España
Fonte: Colegio de Registradores de España, *Estadística del Procedimiento Concursal* (EPC)

3.2.10.

timo ano corresponde ao subsector do comercio, tanto por xunto como polo miúdo, con 56 empresas concursadas (25,2%). A continuación estaría a construción, coas devanditas 41 empresas, e a industria manufactureira, con 38 empresas concursadas no último ano (o 17,1% do total).

Xunto á devandita distribución sectorial, cómpre resaltar que a meirande parte das empresas son sociedades de responsabilidade limitada (196 empresas), destacando ademais que das 222 empresas concursadas en Galicia no último ano máis da metade teñen un volume de negocio inferior aos 250.000 euros (40,5%; 90 empresas), fronte a un 12,6% no caso de empresas cun volume de negocio comprendido entre 250.000 e 500.000 euros, e ao 10,4% entre un e dous millóns de euros (28 e23 empresas, respectivamente).

Finalmente, destacar que o 31,1% das empresas concursadas no último ano son empresas con entre un e cinco persoas asalariadas (69 empresas), en tanto que aquelas sen persoas asalariadas representan o 15,3% (34 empresas). Asemade, en torno ao 13% teñen entre 6-9 e 10-15 persoas asalariadas (29 e 28 empresas, respectivamente).

- **Tecido empresarial. Directorio de empresas e unidades locais (Dirce)**

Dentro dos indicadores da demografía empresarial destaca a información agregada relativa ás empresas con actividade económica en Galicia que proporciona a explotación do Directorio de empresas e unidades locais (Dirce) elaborado polo INE a partir de fontes tributarias, xurídicas ou da Seguridade Social, entre outras, xa que permite completar a análise aportando información sobre o tecido empresarial galego incluíndose todas as empresas que exerzan unha actividade económica que contribúa ao produto interior bruto. O Dirce cubre todas as actividades económicas excepto a produción agraria e pesqueira, os servizos administrativos da Administración Central, Autonómica e Local (incluída Seguridade Social), as actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico e os organismos extraterritoriais.

A un de xaneiro de 2023 Galicia contaba con 185.179 empresas, 9.478 empresas menos que no ano anterior, o que representa o 5,8% do total estatal (**cadro 3.2.11.**), unha décima máis que no ano anterior (6% na mesma data de 2019). O 80,8% das empresas galegas

Empresas en Galicia e España 2019-23 (1) (2): distribución segundo grandes ramas de actividade

	2019	2020	2021	2022	2023	23/22	Índice de especialización (3)
Total	**200.972**	**197.813**	**194.657**	**196.530**	**185.179**	**-11.351**	**1,00**
Industria e enerxía	**12.570**	**12.100**	**11.851**	**11.724**	**10.780**	**-944**	**1,05**
Industria extractiva	234	218	195	184	146	-38	1,62
Industria manufactureira	11.726	11.279	11.010	10.956	10.129	-827	1,11
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	387	387	423	364	308	-56	0,49
Fornecemento de auga, activ. saneamento, xestión de residuos e descontaminación	223	216	223	220	197	-23	0,50
Construción	**29.686**	**28.030**	**27.427**	**27.631**	**24.742**	**-2.889**	**1,14**
Servizos	**158.716**	**157.683**	**155.379**	**157.175**	**149.657**	**-7.518**	**0,98**
Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	47.484	45.249	44.091	43.697	39.979	-3.718	1,07
Transporte e almacenamento	11.439	11.742	11.919	11.908	11.337	-571	0,99
Hostalería	19.052	18.647	17.924	18.080	17.032	-1.048	1,13
Información e comunicacións	2.640	2.626	2.665	2.821	2.718	-103	0,68
Actividades financeiras e de seguros	4.998	4.935	4.842	4.949	4.571	-378	1,05
Actividades inmobiliarias	7.285	7.660	7.921	8.309	8.352	43	0,74
Actividades profesionais, científicas e técnicas	21.100	20.769	20.475	20.699	19.639	-1.060	0,86
Actividades administrativas e servizos auxiliares	10.811	10.909	10.753	11.010	10.562	-448	0,90
Educación	6.791	7.165	7.054	7.326	7.130	-196	1,13
Actividades sanitarias e de servizos sociais	8.084	8.326	8.230	8.511	8.323	-188	0,86
Actividades artísticas, recreativas e de entretenemento	6.329	6.580	6.498	6.588	6.636	48	1,08
Outros servizos	12.703	13.075	13.007	13.277	13.378	101	1,04

(1) datos a 1 de xaneiro

combinación de ambas, e constituída para exercer, en un ou varios lugares, unha ou varias actividades de produción de bens e servizos, así como tamén están incluídas no concepto empresas as unidades locais que se corresponden cunha empresa, ou parte da mesma, situada nunha localización xeográfica concreta, dende a que exerce actividades económicas por conta da mesma empresa.

(3) o índice de especialización calcúlase dividindo o peso de cada sector no conxunto da economía rexional entre o peso do mesmo sector nunha economía ou espazo de referencia (neste caso, España); se é maior que 1 indica que a rexión está (relativamente) especializada nese sector concreto e se é menor que 1 estaría "desespecializada".

Fonte: INE, *DIRCE*

3.2.11.

incluídas no devandito Directorio pertencen ao sector servizos (149.657 empresas), onde salientan as actividades de "Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas", con 39.979 empresas (21,6%); seguidas das "Actividades profesionais, científicas e técnicas", con 19.639 (10,6%); e a "Hostalería", con 17.032 empresas (9,2%). O sector da construción acolle ao 13,4% das empresas (24.742 empresas) e a industria e enerxía, ao restante 5,8% (10.780 empresas).

En relación ao inicio da crise económica orixinada pola pandemia, o número de empresas en Galicia a 1 de xaneiro de 2023 é un 7,9% inferior (15.793 empresas menos), sendo este descenso máis de tres puntos superior ao rexistrado no conxunto de España (-4,6%). Os tres grandes sectores considerados rexistran un descenso do número de empresas, sendo a construción o máis afectado, cunha caída do 16,7% (4.974 empresas menos), fronte ao 14,2% no ámbito industrial (1.790 empresas menos) e un 5,7% nos servizos (9.059 empresas). Entre as distintas ramas de actividade, o comercio e reparación de vehículos de motor foi a actividade máis afectada, cunha desaparición de 7.505 empresas (-15,8%), por diante da construción, situándose a continuación o subsector da hostalería (2.020 empresas menos; -10,6%), a industria manufactureira (1.597 empresas; -13,6%) e as actividades profesionais, científicas e técnicas (1-461; -6,9%). No extremo oposto, o número de empresas medra un 14,6% no caso das actividades inmobiliarias (1.067 empresas máis), por diante da educación, cunha medra de 339 empresas entre as dúas datas consideradas (5%).

O **cadro 3.2.12.** mostra o reducido tamaño do tecido empresarial, de xeito que o 51,8% das empresas galegas rexistradas polo Dirce non teñen persoas asalariadas, fronte ao 53,6% de media no conxunto do Estado.

Empresas en Galicia e España 2019-23 (1): distribución segundo número de asalariados

	Galicia				España
	2019	2021	2022	2023	2023
Total empresas	**200.972**	**194.657**	**196.530**	**185.179**	**3.207.580**
Sen asalariados	109.506	103.784	106.312	95.831	1.719.297
de 1 a 2 asalariados	58.651	58.306	56.938	56.160	897.786
de 3 a 5 asalariados	18.445	18.489	18.835	18.541	309.528
de 6 a 9 asalariados	6.925	6.962	7.193	7.255	128.079
de 10 a 19 asalariados	4.077	3.936	4.001	4.077	81.822
de 20 a 49 asalariados	2.213	2.086	2.166	2.210	45.896
de 50 a 99 asalariados	646	596	585	597	12.646
de 100 a 199 asalariados	293	281	289	286	6.373
de 200 a 449 asalariados	138	50	44	52	1.290
de 500 a 999 asalariados	35	124	121	123	3.710
de 1000 a 4999 asalariados	33	33	33	36	963
de 5000 ou máis asalariados	10	10	13	11	190

	2023			
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total empresas	**76.652**	**22.600**	**20.839**	**65.088**
Sen asalariados	40.438	11.660	10.773	32.960
de 1 a 2 asalariados	22.714	7.013	6.598	19.835
de 3 a 5 asalariados	7.535	2.270	2.032	6.704
de 6 a 9 asalariados	2.838	879	760	2.778
de 10 a 19 asalariados	1.684	465	371	1.557
de 20 a 49 asalariados	932	225	217	836
de 50 a 99 asalariados	260	52	36	249
de 100 a 199 asalariados	128	22	34	102
de 200 a 449 asalariados	31	3	3	15
de 500 a 999 asalariados	64	8	9	42
de 1000 a 4999 asalariados	21	2	5	8
de 5000 ou máis asalariados	7	1	1	2

(1) datos a 1 de xaneiro
Fonte: INE, *DIRCE*

3.2.12.

Asemade, o 40,3% das empresas galegas teñen entre un e cinco asalariados, fronte ao 37,6% do total rexistrado en España. Tan só o 4% das empresas galegas teñen dez ou máis asalariados, sendo esta porcentaxe do 4,6% no Estado. Comparado co rexistrado ao comezo da crise económica de 2019, redúcese o peso relativo das empresas sen asalariados, pasando do 54,5% ao devandito 51,8%, mentres que se reduce no caso das empresas de un a cinco persoas asalariadas e nos de dez ou máis (38,4% e 3,7% en 2019, respectivamente).

A especialización das empresas galegas en relación á media estatal permite caracterizar a estrutura produtiva de Galicia. Neste senso, o índice de especialización relativa (IER) mostra a participación dun determinado sector ou actividade en Galicia con relación á participación desta actividade no total estatal. Atendendo ao número de empresas reflectido no Dirce, o conxunto do sector industrial e a construción presentan unha lixeira especialización relativa (valores superiores á unidade), cun índice de 1,05 e 1,14 fronte ao 0,98 no caso dos servizos. Entre as distintas ramas de actividade, as de "fabricación doutro material de transporte" e "extracción de minerais metálicos" seguen a presentar a especialización relativa máis elevada, presentando un valor superior a dous (2,48 e 2,64, respectivamente). ❑

3.3. Sector exterior

A pesar do crecemento do 3,2% da economía mundial, o volume do comercio internacional de mercadorías contráese un 1,2% segundo reflicten as estimacións da Organización Mundial de Comercio (OMC) publicadas en abril de 2024. Europa, que concentra o 30% do comercio mundial e o 24% do PIB, presenta no último ano unha contracción interanual tanto das importacións, cunha caída do 4,7%, como das exportacións, cun descenso do 2,6%. Fronte a esta caída, o comercio permanece relativamente estable en Asia ao presentar as exportacións unha medra do 0,1% e as importacións unha caída do 0,6%. Asemade, tanto en América do norte como en América do sur contráense as importacións de mercadorías (-2% e -3.1%, respectivamente) aumentando por contra as exportacións (3,7% e 1,9%, respectivamente).

O cadro macroeconómico de Galicia indica que a economía galega medrou en 2023 un 1,8% en termos reais, impulsada por unha achega dun punto porcentual da demanda externa fronte ás oito décimas no caso da demanda interna. En termos monetarios, o valor total das vendas galegas de bens e servizos ao conxunto do Estado e a terceiros países ascendeu a 44.189,4 millóns de euros e as importacións acadaron os 39.309,3 millóns, aumentando o saldo positivo da balanza comercial ata os 4.880,1 millóns. A taxa de cobertura, definida como o cociente entre o importe total das exportacións e importacións, ascendeu ata o 112,4%, seis puntos máis que no ano anterior (106,4%), en tanto que a taxa de apertura da economía galega (calculada como o cociente entre a suma do valor das importacións e exportacións totais de bens e servizos e o PIB galego) descende ata o 110,1%, máis de sete puntos porcentuais inferior á do ano anterior (117,2%).

No que ás relacións comerciais con terceiros países se refire (suma de exportacións e importacións), tanto Galicia como o conxunto de España en 2023 unha caída interanual do seu importe total, sendo esta máis intensa na Comunidade Autónoma, cunha contracción do 10,6% respecto ao ano anterior, seis puntos por riba do experimentado en España. Esta caída ven explicada pola redución dun 22,8% das importacións galegas, o que contrasta co incremento do 0,5% no caso das vendas galegas ao exterior. No último ano as exportacións galegas a terceiros países ascenden a 30.038,4 millóns de euros, en tanto que as importacións acadan os

Importacións e exportacións de Galicia e España 2022-23

	Importacións			Exportacións			Saldo comercial		
	2022	2023	23/22	2022	2023	23/22	2022	2023	23/22
	(en millóns de euros)		*(%)*	*(en millóns de euros)*		*(%)*	*(en millóns de euros)*		
Galicia	**27.083,8**	**20.900,1**	**-22,8**	**29.886,1**	**30.038,4**	**0,5**	**2.802,3**	**9.138,4**	**6.336,1**
A Coruña	13.549,3	10.045,0	-25,9	14.830,5	13.449,4	-9,3	1.281,2	3.404,3	2.123,1
Lugo	782,6	600,8	-23,2	755,0	641,3	-15,1	-27,7	40,6	68,2
Ourense	866,3	837,7	-3,3	1.226,7	1.262,5	2,9	360,4	424,7	64,3
Pontevedra	11.885,5	9.416,5	-20,8	13.073,9	14.685,3	12,3	1.188,4	5.268,8	4.080,4
España	**457.321,2**	**424.248,8**	**-7,2**	**389.208,9**	**383.688,6**	**-1,4**	**-68.112,2**	**-40.560,1**	**27.552,1**
Galicia/España *(%)*	5,9	4,9		7,7	7,8				

(consulta:4-03-2024)
Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. *ICEX Estacom*

3.3.1.

20.900,1 millóns de euros. Tras esta evolución, a balanza comercial galega aumenta considerablemente o seu saldo positivo ata os 9.138,4 millóns de euros, máis de tres veces superior ao rexistrado no ano anterior, o que contrasta co déficit comercial en España (40.560,1 millóns en 2023 fronte aos 71.603,6 do ano precedente). En relación ao conxunto do Estado, Galicia concentra o 7,8% das exportacións e o 4,9% das compras exteriores.

Pontevedra e A Coruña seguen a estar entre as provincias con maior volume de exportacións, acadando os 14.685,3 e 13.449,4 millóns de euros, respectivamente; o que as sitúa como a cuarta e sétima provincia española máis exportadoras en termos de valor. En termos relativos concentran o 3,8% e 3,5% do total das vendas españolas, respectivamente.

Por segundo ano consecutivo redúcese a base exportadora da economía galega, de xeito que o número de empresas exportadoras se sitúa en 6.823 empresas (10,5% menos que no ano anterior), o que supón o número máis reducido dende o inicio da crise orixinada pola pandemia. Este descenso contrasta coa medra nun 1,7% do número de empresas exportadoras regulares -aquelas que venden produtos fóra de España nos últimos catro anos de xeito consecutivo. En 2023 hai en Galicia un total de 2.684 compañías que exportan regularmente (46 empresas máis), o que supón o 39,3% do total de empresas exportadores.

Segundo os datos recollidos no Rexistro de Investimentos Exteriores, o investimento bruto estranxeiro en Galicia aumentou en 2023 ata os 416,3 millóns de euros, máis do dobre do realizado no ano precedente, dos que o 69,4% diríxese a actividades de metalurxia, fabricación de produtos de ferro e aceiro (CNAE 24). Por contra, o investimento bruto galego no exterior experimentou un acusado descenso pasando dos 2.403,7 millóns de euros de 2022 ata os 1.011,5 millóns correspondentes ao ano 2023. O subsector de actividades inmobiliarias é o máis importante en termos de valor, ao concentrar o 78,6% do total do investimento galego no exterior.

Comercio exterior con terceiros países

O volume de comercio internacional diminuíu no conxunto do ano 2023 un 1,2% segundo reflicten as estimacións da Organización Mundial de Comercio (OMC) publicadas en abril de 2024, en contraposición co crecemento do PIB mundial do 3,2%. Segundo este organismo internacional, esta "brecha" pode atribuírse ás dificultades causadas pola inflación, que afecta ao comercio tanto na composición por produtos -redúcese o consumo de produtos manufacturados en comparación cos servizos- como á distribución xeográfica -os prezos enerxéticos medran máis na UE, afectando en maior medida aos ingresos reais e ao consumo dentro da UE, que concentra o 30% do comercio mundial de mercadorías e o 24% do PIB.

Importacións e exportacións 2023: distribución segundo sectores de actividade

	Importacións				Exportacións			
	Importe	23/22	peso relativo	Galicia/ España	Importe	23/22	peso relativo	Galicia/ España
	(en millóns de euros)		*(%)*		*(en millóns de euros)*		*(%)*	
Total	**20.900,1**	**-22,8**	**100**	**4,9**	**30.038,4**	**0,5**	**100**	**7,8**
Alimentos	4.793,3	-9,4	22,9	9,0	4.072,8	5,6	13,6	6,0
Enerxéticos	3.307,4	-40,3	15,8	5,2	1.639,9	-46,2	5,5	6,0
Materias primas	529,3	-30,2	2,5	4,5	896,8	-9,9	3,0	11,0
Semimanufacturas	2.957,6	-16,9	14,2	3,1	3.796,5	-14,0	12,6	3,7
Bens de equipamento	3.681,9	23,9	17,6	3,9	5.253,9	61,1	17,5	7,0
Sector Automóbil	1.797,4	-62,6	8,6	4,0	5.718,0	0,0	19,0	10,6
Bens de consumo duradeiro	312,5	20,5	1,5	3,2	361,0	11,4	1,2	6,2
Manufacturas de consumo	3.493,3	-9,9	16,7	7,7	7.866,9	0,5	26,2	23,7
Outras mercadorías	27,4	24,1	0,1	1,1	432,7	-1,1	1,4	4,2

(consulta:4-03-2024)
Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. *ICEX Estacom*

3.3.2.

O devandito descenso do comercio mundial afecta de maneira desigual ás distintas áreas económicas. A OMC reflicte que a demanda de importacións en termos reais caeu significativamente en Europa (-4,7%) e, en menor medida, en América do norte (-2%) e Asia (-0,6%), o que contrasta co incremento nos países de Oriente Medio e a rexión da Comunidade de Estados Independentes (9,8% e 18,8%, respectivamente). Asemade, a debilidade da demanda explica o descenso das exportacións en Europa (-2,6%) e impide unha recuperación máis forte en Asia (0,1%).

No que atinxe ao comportamento do comercio internacional en Galicia e España, a información recollida na base de datos ESTACOM reflicte unha caída interanual do 10,6% do valor total das súas relacións comerciais con terceiros países, porcentaxe que se sitúa seis puntos por riba do estimado para o conxunto de España (4,6%). Este diferencial ven explicado pola maior redución das importacións en Galicia, que se reducen un 22,8% fronte ao 7,6% en Galicia. Por contra, as exportacións medran en Galicia un 0,5% fronte á caída dun 1% no conxunto do Estado.

Tras esta evolución, o valor total das compras e vendas galegas no exterior descendeu a 50.938,5 millóns de euros, 6.031,4 millóns menos que no ano anterior, o que representa o 6,3% do total estatal (6,7% no ano anterior). O grado de apertura da economía galega a terceiros países descende ata o 67,2%, o que supón máis de trece puntos por baixo do estimado no ano anterior (80,5%).

O conxunto de actividades de manufacturas de consumo sitúase como o sector máis importante en termos monetarios, con 11.360,2 millóns de euros, por diante das actividades de bens de equipamento e os alimentos, con 8.935,9 e 8.866,2 millóns, respectivamente. En conxunto, estes tres sectores concentran o 57,2% da actividade comercial galega, case dez puntos máis que no ano anterior (47,5%). Esta porcentaxe é moi superior ao peso dos mesmos sectores no conxunto do Estado que é do 45,8% (42,3% no ano anterior).

A actividade comercial incrementouse nos sectores de bens de equipamento e, en menor medida, no de bens de consumo duradeiro, descendendo por contra no resto dos sectores, tal e como reflicte o **cadro 3.3.2.** Dunha banda, a actividade comercial nos bens de equipamento presenta unha medra interanual do 43,4%, o que supón 2.703,1 millóns de euros máis, fronte ao 15,5% no caso dos bens de consumo duradeiro (90,1 millóns máis que no ano precedente). Por contra, os

descensos máis acusados rexístranse no caso dos produtos enerxéticos cun descenso do 42,4% (3.640,7 millóns de euros menos) e o sector do automóbil, cunha caída da súa actividade comercial do 28,6% respecto ao ano anterior, o que supón un descenso de 3.014,4,9 millóns de euros.

No que respecta ao peso relativo das distintas actividades no conxunto do Estado, salienta o sector de manufacturas de consumo, que representan o 14,4% da actividade comercial exterior deste sector en España (14,1% no ano precedente), case sete puntos por riba do que representa a automoción, co 7,6% (12,5% en 2022); superando o sete por cento no caso dos alimentos e as materias primas, cun 7,3% e 7,2%, respectivamente.

Atendendo á súa distribución provincial, a actividade comercial descende de xeito significativo nas provincias da Coruña e Lugo, sendo esta caída interanual menos intensa en Pontevedra. Por contra, Ourense presenta unha lixeira medra interanual, cun incremento do 0,3%. Dunha banda, Pontevedra, tras un descenso interanual do 3,4%, adianta á Coruña como provincia con maior valor da súa actividade comercial, con 24.101,8 millóns de euros, o que representa o 47,3% do total galego, tres puntos e medio por riba do rexistrado no ano precedente. Na Coruña, influenciado polo comportamento do sector enerxético, a actividade comercial descende un 17,2% respecto ao ano anterior, acadando os 23.494,4 millóns de euros, o 46,1% do total galego (49,9% en 2022). Lugo presenta o maior descenso en termos relativos, cunha caída interanual do 19,2%, para situarse nos 1.242,1 millóns de euros, o que supón o 2,4% do total galego; en tanto que Ourense concentra o4,1 % (2.100,2 millóns de euros).

O devandito incremento das exportacións e o acusado descenso das importacións explican que o saldo positivo da balanza comercial galega multiplique por máis de tres o valor acadado no ano precedente. No conxunto do ano 2023 o superávit comercial ascende en Galicia ata os 9.138,4 millóns de euros, 6.336,1 millóns máis que en 2022 (226,1% superior). Tras esta evolución, o saldo comercial representa o 12% do PIB fronte ao 4% do ano anterior.

Como reflicte o **cadro 3.3.1.**, o saldo comercial é positivo nas catro provincias galegas a diferenza do acontecido en 2022, cando Lugo presentaba un lixeiro saldo negativo. Dunha banda, tras a acusada medra das exportacións e a forte redución experimentada polas importacións, Pontevedra sitúase como a provincia co saldo comercial máis elevado, con 5.268,8 millóns de euros, case catro veces e medio superior ao rexistrado no ano anterior (1.188,4 millóns). Do mesmo xeito, unha medra das exportacións e un descenso do valor das compras a terceiros países explican o incremento do saldo comercial en Ourense, que ascende a 424,7 millóns de euros (un 17,8% superior ao do ano precedente). Doutra banda, tanto na provincia da Coruña como de Lugo, o incremento do saldo comercial ven motivado por un descenso das importacións superior á caída interanual das exportacións, situándose o superávit na Coruña en 3.403,3 millóns de euros (1.281,2 millóns no ano anterior) e en 40,6 millóns en Lugo (en 2022 presentaba un déficit de 27,7 millóns).

O acusado incremento do superávit en Pontevedra ven motivado fundamentalmente polo comportamento do subsector de compoñentes do automóbil e do sector de bens de equipamento. Dunha banda, o subsector de compoñentes presenta un superávit de 7,4 millóns de euros, cando no ano anterior seu déficit ascendía 2.706,64 millóns de euros; doutra banda, o superávit do sector de bens de equipamento ascende a 1.083,1 millóns de euros, case seis veces máis que no ano precedente (186,1 millóns). Na provincia da Coruña cómpre salientar o superávit comercial do sector téxtil, que ascende a 4.048,9 millóns de euros, o que supón un 10,1% máis que no ano anterior. Asemade, o déficit dos produtos enerxéticos e no sector da produción de alimentos redúcese de xeito importante ao situarse nos 2.102,9 e 583,3 millóns de euros, respectivamente, o que supón unha caída do 36,6% e 48,9%.

Pontevedra e A Coruña mantense entre as provincias españolas con maior volume de exportacións no ano 2023. Tras unha medra superior ao 12%, Pontevedra

Importacións 2022-23: distribución segundo principais capítulos TARIC e orixe

Nº	Cap.	Denominación	2022		2023		23/22	2023		
								Unión Europea	Francia	Portugal
			(en millóns de euros)	*(% / total)*	*(en millóns de euros)*	*(% / total)*	*(%)*	*(en millóns de euros)*		
1	27	Combustibeis, aceites minerais	5.540,9	20,5	3.307,4	15,8	-40,3	558,9	5,2	8,0
2	03	Peixes e crustáceos, moluscos	2.664,9	9,8	2.403,5	11,5	-9,8	395,7	100,9	191,1
3	87	Vehículos automóbiles, tractores	5.131,0	18,9	2.285,9	10,9	-55,4	1.794,8	897,5	358,7
4	85	Aparellos e material eléctricos	1.190,4	4,4	1.784,8	8,5	49,9	166,1	26,5	16,2
5	62	Roupa e complementos de vestir, agás punto	1.420,5	5,2	1.244,7	6,0	-12,4	203,0	3,0	157,5
6	61	Roupa e complementos de vestir, de punto	1.179,5	4,4	1.036,9	5,0	-12,1	263,6	2,0	211,0
7	72	Fundición, ferro e aceiro	1.163,1	4,3	1.000,9	4,8	-13,9	783,6	200,9	362,8
8	84	Máquinas e aparatos mecánicos	916,9	3,4	896,4	4,3	-2,2	612,9	47,8	71,3
9	16	Conservas de carne e peixe	801,3	3,0	791,9	3,8	-1,2	106,5	2,0	70,8
10	76	Aluminio e manufacturas de aluminio	682,8	2,5	554,5	2,7	-18,8	243,0	68,9	69,2
Total dos principais capítulos			20.691,1	76,4	15.306,8	73,2	-26,0	5.128,1	1.354,7	1.516,7
Resto			6.392,7	23,6	5.593,3	26,8	-12,5	3.064,4	1.712,3	1.112,2
Total			27.083,8	100	20.900,1	100	-22,8	8.192,4	5.100,9	2.628,9

(consulta:4-03-2024)
Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. *ICEX Estacom*

3.3.3.

supera á Coruña como provincia galega máis exportadora, ocupando o cuarto e sétimo posto entre as provincias españolas, respectivamente (oitavo e sétimo posto no ano precedente). Ambas as dúas provincias concentran no último ano o 3,8% e 3,5% das exportacións españolas, respectivamente (3,4% e 3,7% no ano anterior). Ao igual que acontece en 2022, A Coruña supera a Pontevedra como a provincia galega con maior volume de compras a terceiros países, situándose en 2023 como a décima e a undécima provincia española en termos de valor de importacións (novena e undécima posición no ano anterior, respectivamente). O seu peso relativo no total español descende ata o 2,4% e 2,2%, respectivamente, fronte ao 2,9% e 2,6% do ano anterior.

• Importacións do exterior

Tras a devandita caída do 22,8%, o valor total das importacións galegas no último ano descende a 20.900,1 millóns de euros (6.183,7 millóns inferior ao rexistrado en 2022), situándose o seu peso sobre o valor total das importacións españolas no 4,9%, un punto menos que no ano precedente. Esta caída interanual no valor das importacións esténdese ás catro provincias galegas, sendo novamente A Coruña a que presenta o maior descenso tanto en termos absolutos como relativos, cunha redución do 25,9% (3.504,3 millóns de euros menos). Asemade, cómpre resaltar o descenso superior ao 20% tanto en Pontevedra como en Lugo, o que supón 2.469 e 181,9 millóns de euros menos, respectivamente. A provincia de Ourense é quen rexistra unha tendencia máis moderada, cun descenso do 3,3% (28,5 millóns de euros).

Tras esta evolución, a provincia da Coruña mantense como a máis importante en termos de valor nominal das compras exteriores, acollendo o 48,1% das importacións galegas (10.045 millóns de euros), case dous puntos menos que no ano anterior (50%). En 2023 Pontevedra acolle o 45,1% das importacións galegas (9.416,5 millóns), sendo esta porcentaxe do 43,9% no ano precedente.

Tódolos sectores de actividade agás o de bens de equipamento e bens de consumo duradeiro presentan en 2023 un descenso do importe total das compras exteriores. O sector de alimentos, **cadro 3.3.2.**, a pesar dunha redución interanual das importacións do 9,4%, sitúase como o sector máis importante en termos de valor, acadando os 4.793,4 millóns de euros, o que equivale ao 22,9% do total das importacións galegas,

case tres puntos e medio por riba do rexistrado no ano anterior (19,5%). En relación ao valor total das importacións do sector no conxunto de España, Galicia representa o 9% do total.

A continuación estaría o sector de bens de equipamento, que tras unha medra interanual do 23,9%, acada os 3.681,9 millóns de euros, o que representa o 17,6% do valor total das importacións galegas e o 3,9% das importacións españolas deste sector. O sector de manufacturas de consumo, tras unha redución das importacións do 9,9%, sitúase como terceiro sector de actividade en importancia, cun valor de 3.493,3 millóns de euros, o que representa o 16,7% do total de importacións galegas e o 7,7% das importacións españolas deste sector de actividade. A maior caída das importacións rexístrase no sector do automóbil, por mor basicamente da redución do 77,3% das compras exteriores de compoñentes de automóbiles (descende un 9,1% as compras de automóbiles e motos), acadando en 2023 os 1.797,4 millóns de euros, o que supón o 8,6% do total galego e o 4% das importacións españolas do sector do automóbil.

Atendendo á distribución segundo capítulo importador, **cadro 3.3.3.**, o capítulo "combustíbeis, aceites minerais" (27) mantense no último ano como o máis importante en termos de valor a pesar da ralentización no incremento dos prezos. As importacións destes produtos descenden ata os 3.307,4 millóns de euros, un 40,3% menos que no ano precedente, o que supón o 15,8% das importacións galegas, case cinco puntos menos que no ano anterior (20,5%).

A continuación sitúase o capítulo correspondente a "peixes e crustáceos, moluscos" (03), con 2.403,5 millóns, un 9,8% menos que no ano anterior, o que representa o 11,5% das importacións de Galicia, case dous puntos máis que en 2022 (9,8%). En terceiro lugar, tras unha caída interanual do 55%, sitúase o capítulo de "vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios" (87), con 2.285,9 millóns de euros, o que representa o 10,9% do valor total das importacións galegas (18,9% no ano precedente). Os devanditos tres capítulos importadores acollen no seu conxunto o 38,3% do valor total das importacións galegas, case once puntos menos que no ano anterior (49,2%). Como reflicte o devandito **cadro 3.3.3.**, entre os dez primeiros capítulos tan só o de aparellos e material eléctrico presenta unha medra respecto ao ano anterior (49,9%).

Segundo a área xeográfica e o país de orixe, as importacións galegas concéntranse en maior medida nos 27 países da Unión Europea a pesar da redución do 34,1% respecto ao ano anterior. Os datos recollidos no **cadro 3.3.4.** amosan que o 39,2% do valor total das compras exteriores procede da UE-27 (8.192,4 millóns de euros), porcentaxe case sete puntos inferior á do ano anterior (45,9%). Consecuencia do devandito mal comportamento do subsector de compoñentes do automóbil, Francia deixa de ser a principal orixe das compras exteriores, descendendo ao terceiro posto tras Portugal e China. En concreto, as importacións procedentes de Portugal acadan os 2.678,9 millóns de euros, un 4% menos que no ano anterior, e as procedentes de Francia, os 1.712,3 millóns, un 66,5% menos que en 2023. Tras esta evolución Portugal e Francia concentran o 12,6% e 8,2% das importacións galegas, respectivamente (10,2% e 19% no ano precedente).

Fóra da Unión Europea, cómpre salientar o incremento das compras no conxunto dos países do lonxano oriente, cunha medra interanual do 17,4% (416,1 millóns de euros máis), concentrando o 13,4% das importacións galegas (8,8% en 2022). Este dinamismo contrasta co descenso nas outras dúas grandes áreas fóra da UE, África do norte, que presenta unha caída interanual do 5,9% (114,3 millóns de euros menos), e América do Sur, cunha redución do 14,8% (286,9 millóns de euros menos). Estas áreas comerciais concentran o 8,7% e 7,9% das importacións galegas, respectivamente. Entre os principais países non comunitarios cómpre mencionar que as importacións procedentes de China, que tras unha medra do 22,4% se sitúa o segundo país en importancia, concentrando o 12,4% das importacións galegas (7,9% no ano anterior); acollendo Estados Unidos e Marrocos o 5,6% do valor total das importacións cada un (7,2% e 3,7% respectivamente no ano 2022).

Importacións e exportacións 2022-23: distribución segundo áreas xeográficas

	Importacións		Exportacións		Saldo comercial		Taxa de cobertura	
	2022	2023	2022	2023	2022	2023	2022	2023
			(en millóns de euros)				*(%)*	
Total	**27.083,8**	**20.900,1**	**29.886,1**	**30.038,4**	**2.802,3**	**9.138,4**	**110,3**	**143,7**
Europa	**14.413,4**	**10.103,2**	**24.634,2**	**24.665,1**	**10.220,9**	**14.561,8**	**170,9**	**244,1**
Unión Europea	12.438,5	8.192,4	21.857,3	21.451,9	9.419	13.259	175,7	261,8
EFTA	194,0	205,7	268,2	297,0	74	91	138,3	144,4
Europa oriental	637,8	531,0	204,8	197,7	-433	-333	32,1	37,2
Resto Europa	1.143,1	1.174,1	2.304,0	2.718,4	1.161	1.544	201,6	231,5
África	**3.066,7**	**2.779,2**	**1.596,4**	**1.757,6**	**-1.470,3**	**-1.021,6**	**52,1**	**63,2**
Africa do norte	1.938,7	1.824,4	1.384,8	1.574,0	-554	-250	71,4	86,3
África central	77,1	31,7	16,8	13,3	-60	-18	21,8	42,0
África occidental	482,7	339,2	71,8	80,7	-411	-259	14,9	23,8
África oriental	12,0	11,5	5,3	5,0	-7	-7	44,1	43,4
África austral	556,2	572,4	117,8	84,7	-438	-488	21,2	14,8
América	**5.045,3**	**3.533,6**	**2.059,7**	**2.226,8**	**-2.985,6**	**-1.306,8**	**40,8**	**63,0**
América do norte	2.071,9	1.279,2	937,7	892,2	-1.134	-387	45,3	69,7
Illas do Caribe	31,8	5,1	85,8	162,4	54	157	269,7	3.214,3
América central	1.002,3	597,0	415,6	528,5	-587	-69	41,5	88,5
América do sur	1.939,3	1.652,4	620,5	643,8	-1.319	-1.009	32,0	39,0
Asia	**4.404,9**	**4.395,0**	**1.436,3**	**1.221,2**	**-2.968,6**	**-3.173,8**	**32,6**	**27,8**
Próximo Oriente	279,7	153,2	245,9	207,2	-34	54	87,9	135,2
Península Arábiga	278,2	152,3	356,7	259,8	78	108	128,2	170,6
Asia central	2,4	3,6	11,1	22,2	9	19	456,7	614,2
Asia do sur	826,9	724,6	45,1	45,6	-782	-679	5,4	6,3
Lonxano oriente	2.390,5	2.806,7	569,9	558,0	-1.821	-2.249	23,8	19,9
Sudeste asiático	627,1	554,6	207,7	128,4	-419	-426	33,1	23,1
Oceanía	**153,5**	**87,9**	**43,8**	**44,5**	**-109,7**	**-43,4**	**28,6**	**50,6**
BRICs	**3.290,8**	**3.467,3**	**482,4**	**477,7**	**-2.808,5**	**-2.989,6**	**14,7**	**13,8**

(consulta:4-03-2024)
Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. *ICEX Estacom*

3.3.4.

• Exportacións ao exterior


O valor das exportacións de Galicia cara terceiros países aumenta un 0,5% en relación ao ano anterior, acadando os 30.038,4 millóns de euros. Tendo en conta o descenso do 1% rexistrado no conxunto do Estado, o seu peso relativo sobre o total estatal aumenta ata o 7,8%, unha décima máis que no ano precedente.

Este incremento explícase fundamentalmente polo crecemento experimentado en Pontevedra, e en menor medida, en Ourense, o que contrasta co descenso na Coruña e Lugo. Tras unha medra interanual do 12,3%, as vendas a terceiros países das empresas de Pontevedra ascenden a 14.685,3 millóns de euros, 1.611,4 millóns máis que no ano anterior, o que representa o 48,9% do valor total das exportacións galegas, máis de cinco puntos superior ao rexistrado no ano anterior. Na provincia da Coruña o valor das exportacións acada os 13.449,4 millóns de euros, o 44,8% do total galego (49,6% no ano anterior), o que supón unha caída interanual do 9,3% (1.381,2 millóns menos).

A provincia de Ourense presenta un incremento do 2,9% respecto ao ano anterior, acadando as exportacións un importe de 1.262,7 millóns de euros. Por contra, tras unha caída interanual do 15,1%, as exportacións das empresas de Lugo acadan os 641,3 millóns de euros. Estas dúas provincias concentran o 4,2% e 2,1% do valor total das exportacións galegas, respectivamente (4,1% e 2,5% no ano anterior).

O sector de manufacturas de consumo, tras unha medra do 0,5%, vende ao exterior produtos por un

Evolución do peso relativo das exportacións galegas do sector do automóbil e do téxtil-confección 2008-2023



(consulta:4-03-2024)
Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. *ICEX Estacom*

3.3.5.

valor de 7.866,9 millóns de euros, manténdose como o sector máis importante en termos de valor; superando ao sector do automóbil, con 5.718 millóns de euros, cifra similar á do ano anterior (tan só 1,9 millóns de euros menos). Tras esta evolución o sector de manufacturas de consumo concentra o 26,2% das exportacións totais galegas en 2023, **cadro 3.3.2.**, situándose no 19% no caso do automóbil.

No que respecta á importancia relativa das exportacións galegas no conxunto do Estado, o sector de manufacturas de consumo segue sendo o de maior peso, co 23,7% do total de exportacións do sector no Estado, seguido do sector de materias primas, cun 11%, e do automóbil, co 10,6% do total estatal.

No **gráfico 3.3.5.** obsérvase a evolución das exportacións da industria do automóbil e do subsector téxtil-confección, situándose este como o principal sector en 2023, co 23,1% do valor total das exportacións galegas, porcentaxe superior á que supón o automóbil, co 19%. Isto contrasta co acontecido nos anos 2020 e 2021, onde a automoción tiña unha maior importancia relativa.

O capítulo de "Vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios" (87) segue sendo o máis importante se tomamos como referencia a desagregación por capítulo arancelario (TARIC) (**cadro 3.3.6.**), ao concentrar o 28% das exportacións galegas (23,1% no ano anterior), seguido pola actividade téxtil de "Prendas de vestir, non de punto" (62), que acolle o 12% das vendas (12,4% en 2022), e o de "Prendas de vestir, de punto" (61), que representa o 8,3%, dúas décimas menos que no ano anterior. Cómpre resaltar o significativo descenso experimentado polas actividades englobadas no capítulo "combustibles e aceites minerais" (27), cunha redución interanual do 44,5% (1.315,4 millóns de euros menos), o que contrasta coa medra do valor das exportacións do sector "máquinas e aparellos mecánicos", cun incremento do 30,7% (266,5 millóns de euros).

En relación ao destino das exportacións galegas, cómpre resaltar a súa elevada concentración xeográfica. Dunha banda, a Unión Europea concentra o 71,4% das exportacións galegas (21.451,9 millóns de euros), case dous puntos menos que no ano anterior (73,1%). Xunto a este destino, o 7,4% das vendas a terceiros países diríxense ao continente americano (2.226,8 millóns), un 5,9% a África (1.757,6 millóns) ou un 4,1% a Asia (1.221,2 millóns de euros). Doutra banda, os cinco primeiros destinos das exportacións concentran en 2023 o 53,3% das exportacións galegas, máis dun punto por riba do rexistrado no ano precedente (52,1%), e os dez

Exportacións 2022-23: distribución segundo principais capítulos TARIC e destino

Nº	Cap.	Denominación	2022		2023		23/22	2023		
								Unión Europea	Francia	Portugal
			(en millóns de euros)	*(% / total)*	*(en millóns de euros)*	*(% / total)*	*(%)*	*(en millóns de euros)*		
1	87	Vehículos automóbiles, tractores	6.911,7	23,1	8.410,9	28,0	21,7	5.097,5	2.217,8	405,9
2	62	Prendas de vestir, non de punto	3.582,2	12,0	3.594,2	12,0	0,3	3.435,7	580,2	357,7
3	61	Prendas de vestir, de punto	2.546,9	8,5	2.485,0	8,3	-2,4	2.334,5	383,9	260,1
4	3	Peixes, crustáceos, moluscos	1.839,4	6,2	1.813,2	6,0	-1,4	1.438,4	147,2	368,2
5	27	Combustibles, aceites minerais	2.955,3	9,9	1.639,9	5,5	-44,5	1.207,2	240,8	463,2
6	84	Máquinas e aparellos mecánicos	868,8	2,9	1.135,8	3,8	30,7	775,4	79,2	125,2
7	16	Conservas de carne ou peixe	891,6	3,0	997,0	3,3	11,8	888,0	221,2	144,5
8	76	Aluminio e manufacturas de aluminio	956,1	3,2	700,0	2,3	-26,8	565,4	155,5	176,5
9	44	Madeira e as súas manufacturas	797,0	2,7	684,6	2,3	-14,1	451,3	66,1	252,5
10	85	Aparatos e material eléctrico	519,1	1,7	560,1	1,9	7,9	284,2	73,3	221,7
Total dos principais capítulos			**21.868,2**	**73,2**	**22.020,6**	**73,3**	**0,7**	**16.477,5**	**4.165,2**	**2.775,5**
Resto			**8.017,9**	**26,8**	**8.017,9**	**26,7**	**0,0**	**4.974,4**	**1.117,3**	**1.444,4**
Total			**29.886,1**	**100**	**30.038,4**	**100**	**0,5**	**21.451,9**	**5.282,6**	**4.220,0**

(consulta:4-03-2024)

Fonte: Ministerio Industria, Comercio y Turismo. *ICEX Estacom*

3.3.6.

Exportacións galegas 2022-23: ránkings segundo países de destino

		2022		2023		23/22
		(en miles de euros)	*(%)*	*(en miles de euros)*	*(%)*	*(%)*
1	Francia	5.389.086	18,0	5.282.578	17,6	-2,0
2	Portugal	4.140.580	13,9	4.219.975	14,0	1,9
3	Italia	2.807.504	9,4	3.015.448	10,0	7,4
4	Alemaña	1.755.744	5,9	1.815.174	6,0	3,4
5	Polonia	1.475.391	4,9	1.684.319	5,6	14,2
6	Reino Unido	1.518.711	5,1	1.446.264	4,8	-4,8
7	Marrocos	1.217.744	4,1	1.269.764	4,2	4,3
8	Bélxica	1.242.403	4,2	1.223.625	4,1	-1,5
9	Turquía	590.610	2,0	1.178.306	3,9	99,5
10	Paises Baixos	1.946.742	6,5	976.916	3,3	-49,8
11	Estados Unidos	824.130	2,8	799.533	2,7	-3,0
12	Grecia	673.067	2,3	599.592	2,0	-10,9
13	México	325.856	1,1	438.974	1,5	34,7
14	Rumanía	295.222	1,0	336.544	1,1	14,0
15	Irlanda	332.301	1,1	323.879	1,1	-2,5
16	Unión Europea	225.815	0,8	259.485	0,9	14,9
17	China	223.038	0,7	233.971	0,8	4,9
18	Chile	228.437	0,8	230.340	0,8	0,8
19	Suecia	239.971	0,8	228.407	0,8	-4,8
20	Arxelia	31.267	0,1	183.646	0,6	487,3
5 primeiros países		**15.568.305**	**52,1**	**16.017.495**	**53,3**	**2,9**
10 primeiros países		**22.084.517**	**73,9**	**22.112.371**	**73,6**	**0,1**
20 primeiros países		**25.483.622**	**85,3**	**25.746.742**	**85,7**	**1,0**
Total		**29.886.085**	**100,0**	**30.038.430**	**100,0**	**0,5**

(consulta:4-03-2024)

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. *ICEX Estacom*

3.3.7.

primeiros países o 73,6% das exportacións galegas (73,9% en 2022).

Francia segue sendo o principal destino das vendas de Galicia, con 5.282,6 millóns de euros (17,6% do total do valor das exportacións galegas a terceiros países, fronte ao 18% do ano anterior), seguido por Portugal, con 4.220 millóns, o 14% do total de exportacións de Galicia, unha décima máis que en 2022. Comprado co ano anterior cómpre destacar o dinamismo das vendas a Polonia, que tras unha medra do 14,2% sitúase como o quinto destino dos produtos galegos ao exterior (1.684,3 millóns de euros; o 5,6% do total galego), así como o caso de Turquía, ao duplicar o valor das exportacións (99,5% máis) para situarse nos 1.178,3 millóns de euros, o 3,9% do valor total (c**adro 3.3.7.**).

O principal capítulo exportador a Francia segue a ser o 87, Vehículos automóbiles, tractores, que concentra o 42% do total do valor das exportacións cara ese país e o 26,4% das exportacións galegas de vehículos. No ano anterior estas porcentaxes ascendían ata o 44% e 34,3%, respectivamente. No caso de Portugal, o principal capítulo exportador é o 27, "Combustibles, aceites minerais", co 11% do total de exportacións a ese país (16,5% en 2022), e o 28,2% das exportacións galegas deses produtos (23,2% no ano precedente). O forte incremento das exportacións en Turquía ven explicado pola evolución dos produtos pertencentes ao devandito capítulo 87, que máis que duplica o seu valor en 2023, acadando os 966,3 millóns de euros (422,1 millóns no ano precedente).

• Base exportadora


O número de empresas galegas que venderon parte dos seus produtos fóra de España redúcese en 2023 ata as 6.823, o valor máis reducido dende o inicio da crise orixinada pola pandemia, o que significa un descenso de 803 empresas respecto ao ano anterior (10,5% menos). Fronte ao devandito descenso cómpre resaltar o incremento das denominadas empresas exportadoras regulares, aquelas que venden produtos fóra de España nos últimos catro anos de xeito consecutivo. O número de empresas exportadoras regulares no ano 2023 ascende a 2.684, un 1,7% máis que no ano anterior (46 empresas máis), o que supón o 39,3% do total de empresas exportadoras, a porcentaxe máis elevada dende o ano 2010. Dado o incremento do 1,3% no conxunto de España, o peso relativo das empresas regulares galegas no total estatal mantense no 5,1%, unha décima máis do que supón o conxunto de empresas exportadoras.

Centrándonos na análise das empresas exportadoras regulares, o que permite coñecer con maior realismo a evolución do tecido empresarial internacionalizado, o **cadro 3.3.8.** amosa a tendencia positiva da evolución do número de empresas exportadoras. Dende o comezo da crise orixinada pola pandemia do coronavirus, o número de empresas medra un 5,2% (133 empresas máis), permanecendo relativamente estable no conxunto do Estado (177 empresas menos entre os dous anos considerados). Con todo, a pesar deste dinamismo, o valor total das súas exportacións medra un 15,1% o que supón vinte puntos menos que o valor total das exportacións galegas (35%), o que contrasta co maior dinamismo no conxunto de España, onde o valor das exportacións das empresas regulares medra un 29,7% (31,9% no conxunto das expresas exportadoras españolas).

A provincia de Pontevedra é a que conta cun maior número de empresas que exportan con regularidade, acollendo en 2023 o 55,7% das empresas exportadoras regulares en Galicia (1.587 compañías) fronte ao 28,3% da Coruña (807 empresas), situándose estas porcentaxes no 58,1% e 27,4% no ano 2019, respectivamente. Por contra, as empresas con sede na Coruña concentran o 52,2% do valor das exportacións galegas regulares fronte ao 40,1% en Pontevedra (49,7% e 43,5% en 2019). Ourense e Lugo concentrarían no último ano o 9,3% e 6,7% das empresas exportadoras regulares galegas e o 4,7% e 2,2% da contía das exportacións.

No concernente á análise segundo tramos de exportacións, no ano 2023 a maior proporción de sociedades que venden os seus produtos en terceiros países corresponde a aquelas que facturan entre medio millón e menos de cinco millóns, cun 30,6%; seguido das que

Número de empresas exportadoras e exportadoras regulares en Galicia 2008-2023



Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. *ICEX, Perfil de los exportadores españoles*

3.3.8.


Concentración de importadores regulares (por volume de exportación). Número de empresas e valor das exportacións

	2020		2021		2022		2023	
	Empresas	Importe	Empresas	Importe	Empresas	Importe	Empresas	Importe
		(en miles de euros)		*(en miles de euros)*		*(en miles de euros)*		*(en miles de euros)*
Menos de 5.000 €	300	0,5	298	0,6	295	0,5	298	0,5
% / total empresas regulares	11,9%	0,0%	11,6%	0,0%	11,2%	0,0%	11,1%	0,0%
Entre 5.000€ e 24.999€	370	4,6	349	4,5	340	4,4	340	4,6
% / total empresas regulares	14,7%	0,0%	13,6%	0,0%	12,9%	0,0%	12,7%	0,0%
Entre 25.000€ e 44.900€	185	6,7	190	6,8	192	7,0	185	6,6
% / total empresas regulares	7,3%	0,0%	7,4%	0,0%	7,3%	0,0%	6,9%	0,0%
Entre 50.000€ e 499.999€	658	131,7	636	123,2	644	131,5	653	132,6
% / total empresas regulares	26,1%	0,6%	24,8%	0,5%	24,4%	0,5%	24,3%	0,5%
Entre 500.000€ e menos de 5 millóns	694	1.230,4	736	1.303,5	789	1.493,2	820	1.485,6
% / total empresas regulares	27,5%	6,1%	28,7%	5,6%	29,9%	5,4%	30,6%	6,0%
Entre 5 e menos de 50 millóns	263	3.778,5	297	4.127,6	308	4.546,0	313	4.435,4
% / total empresas regulares	10,4%	18,6%	11,6%	17,8%	11,7%	16,6%	11,7%	17,9%
Entre 50 e menos de 250 millóns	43	4.445,4	50	4.993,5	56	6.270,5	61	6.202,4
% / total empresas regulares	1,7%	21,9%	1,9%	21,5%	2,1%	22,9%	2,3%	25,0%
250 millóns ou máis	7	10.667,0	12	12.612,9	14	14.982,1	14	12.571,2
% / total empresas regulares	0,3%	52,6%	0,5%	54,4%	0,5%	54,6%	0,5%	50,6%

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. *ICEX, Perfil de los exportadores españoles*

3.3.9.

Porcentaxe acumulado de exportación en Galicia segundo número de exportadores (ordenados por volume de exportación) 2008-23



Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. *ICEX, Perfil de los exportadores españoles*

3.3.10.

facturan entre 50.000 euros e menos de 500.000 euros, que concentran o 24,3%. En conxunto, estas empresas representan o 54,9% das empresas exportadoras regulares e concentran tan só o 6,5% do importe das vendas ao exterior. En contraposición, as 14 empresas que en 2023 facturan más de 250 millóns de euros representan tan só o 0,5% das empresas exportadoras regulares e concentran o 50,6% do valor total das exportacións deste tipo de compañías. Asemade, o 11,1% das empresas galegas exportadoras regulares fíxoo por un importe inferior a 5.000 euros.

A devandita concentración apréciase máis claramente no **cadro 3.3.10.**. En 2023, as cinco primeiras empresas exportadoras concentran o 29,8% da exportación galega, ascendendo esta porcentaxe ata o 37,5% se se consideran as dez primeiras empresas, valores que se sitúan tan só no 9,3% e 14,7% no conxunto do Estado. A pesar desta elevada concentración, a súa importancia relativa descende de xeito significativo ao longo dos últimos catro anos, presentando en 2023 os valores son os máis reducidos de toda a serie considerada, de xeito que en 2008 as cinco primeiras empresas exportadoras concentraban o 47,9% das exportacións fronte ao 43,5% en 2019, e no caso das dez primeiras empresas, o 53,9% e 52,2%, respectivamente.

Atendendo á distribución segundo grandes sectores, os datos do ICEX sobre empresas regulares sinalan que o 74,1% das empresas que venden os seus produtos fóra de España de xeito regular pertencen ao sector de produtos industriais e tecnoloxía (1.988 empresas) fronte ao 20,1% do sector agroalimentario (540 empresas). En relación ao ano anterior cómpre salientar o incremento do 5,5% das expresas de bebidas (13 empresas máis), así como o de produtos industriais, con 28 empresas máis (1,4%), e o sector agroalimentario, con 24 empresas máis (4,7%). Comparado coa situación no ano 2019, os catro grandes sectores recollidos no cadro 3.3.11. presentan unha medra do número de empresas, destacando o sector de produtos industriais e tecnoloxías, con 195 empresas máis (10,9%) e o de bebidas, con 32 empresas máis (14,8%).

No que respecta ás medidas públicas de fomento da internacionalización das empresas galegas, o Plan Foexga

Empresas galegas exportadoras regulares a terceiros países 2019-23: distribución segundo grandes sectores

	2019		2022		2023 (1)		23/22		G/E
		(%)		(%)		(%)		(%)	(%)
Sectores económicos (2)	**2.551**	**100**	**2.638**	**100**	**2.684**	**100**	**46**	**1,7**	**2,0**
Agroalimentarios	510	20,0	516	19,6	540	20,1	24	4,7	3,5
Bebidas	216	8,5	235	8,9	248	9,2	13	5,5	4,6
Bens de consumo	465	18,2	496	18,8	495	18,4	-1	-0,2	0,9
Produtos industriais e tecnoloxía	1.793	70,3	1.960	74,3	1.988	74,1	28	1,4	2,0

(1) datos 2023 son provisionais

(2) O número total de empresas é inferior á suma de empresas desagregadas porque unha mesma empresa pode exportar en varios sectores

(3) Sectores con maior número de empresas, o resto está sumado en outros.

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. *ICEX, Perfil de los exportadores españoles*

3.3.11.

Actuacións do Plan FOEXGA 2022-23 (1)

Área xeográfica

	2023		2022	
		(% /total)		(% /total)
Europa	29	40,28	28	41,18
Asia	16	22,22	15	22,06
África	9	12,50	7	10,29
América do Sur	5	6,94	5	7,35
América do Norte	3	4,17	3	4,41
Centroamérica	6	8,33	6	8,82
Illas do Caribe	2	2,78	2	2,94
Oceanía (Pacífico)	2	2,78	2	2,94
Total países	**72**	**100**	**68**	**100**

Actividades por cámara de comercio

	2023		2022	
	Accións	**Participantes**	**Accións**	**Participantes**
A Coruña	27	147	28	207
Pontevedra,Vigo e Vilagarcía	36	169	44	218
Santiago de Compostela	8	28	15	45
Tui	2	17	-	-
Total	**73**	**361**	**87**	**470**

Accións por tipo

	2023		2022	
	Misións comerciais	**Particip. en feiras**	**Misións comerciais**	**Particip. en feiras**
A Coruña	22	5	18	10
Pontevedra,Vigo e Vilagarcía	32	4	37	7
Santiago de Compostela	7	1	8	7
Tui	1	1	-	-
Total	**62**	**11**	**63**	**24**

(1) A liña está en proceso de liquidación. Os nomes, número de empresas participantes finais así como distribucion sectorial e contribución Xunta exacta non se coñece ata finalizar este proceso.

Fonte: IGAPE

3.3.12.

ten entre os seus obxectivos acadar a internacionalización real das empresas galegas, propiciar a comercialización dos seus produtos no exterior así como difundir a cultura da internacionalización como ferramenta de progreso e competitividade (**cadro 3.3.12.**).

No marco deste Plan, as distintas Cámaras de comercio de Galicia levaron a cabo ao longo do ano 2023 un total de 73 accións (62 misións comerciais e 11 participacións en feiras) desenvolvidas en 72 países e que se corresponden a máis de 195 empresas. A contribución da Xunta de Galicia ascende a un máximo de 1.209.330,71€ (liña subvencionada ao 90%). Segundo os datos facilitados polo IGAPE, o principal destino das accións desenvolvidas segue a ser Europa, con 29 países, seguida de Asia (16), África (9) e América do Sur (5).

Atendendo á distribución das accións segundo Cámaras de comercio, a actividade no 2023 foi a seguinte:

- A Coruña: 27 accións organizadas, das que 22 corresponden a misións comerciais e as 5 restantes a participacións en feiras: tres vinculadas ao sector do téxtil e a moda, e unha ás actividades do sector agroalimentario e ás do subsector de decoración.
- Pontevedra, Vigo e Vilagarcía: organizáronse un total de 36 accións das que 32 corresponden a misións comerciais e 4 a participacións en feiras internacionais. As participacións nestas feiras corresponden aos sectores de maquinaria, ferramenta e moldes; químico/plástico; vehículos aéreos non tripulados e o sector agroalimentario.
- Santiago de Compostela: 8 accións organizadas (7 misións comerciais e 1 participacións nunha feira internacional no ámbito biotecnolóxico.
- Tui: dúas accións organizadas, unha misión comercial, e unha participación nunha exposición ou feira internacional correspondente ao sector da pedra natural.

Investimento galego no exterior e estranxeiro en Galicia

A información que proporciona o Rexistro de Investimentos Exteriores permite analizar o investimento galego no exterior e estranxeiro en Galicia. Fan referencia exclusivamente ao investimento bruto estranxeiro en Galicia que recolle as operacións de non residentes que supoñan:

– Participación en sociedades galegas non cotizadas.
– Participación superior ao 10% en sociedades galegas cotizadas.
– Constitución ou ampliación de dotación de sucursais de empresas estranxeiras.
– Outras formas de investimento en entidades ou contratos rexistrados en Galicia (fundacións, cooperativas, agrupacións de interese económico) nas que o capital investido sexa superior a 3.005.060,25 €.

O investimento bruto estranxeiro en Galicia aumentou en 2023 ata os 416,3 millóns de euros, o que supón máis do dobre do investido no ano anterior (179,2 millóns). Esta medra interanual contrasta coa redución do 11,9% rexistrada no conxunto de España, de xeito que aumenta o seu peso relativo no total estatal ata o 1,3%, oito décimas superior ao do ano precedente. A Comunidade de Madrid concentra o 56,2% do investimento fronte ao 14,4% de Cataluña e o 10,3% da Comunidade Valenciana.

O principal país investidor en Galicia no último ano foi Chequia, cun total investido de 269,7 millóns de euros -case na súa totalidade no sector de metalurxia, fabricación produtos de ferro e aceiro (CNAE 24)-, o que supón o 64,8% do total investido na Comunidade Autónoma, seguido polo Reino Unido, con 25,5 millóns de euros (6,1%), e Malvinas, con 24,6 millóns de euros (5,9%).

Tal como se observa no **cadro 3.3.13.**, dende un punto de vista sectorial, destaca o devandito subsector de metalurxia, fabricación produtos de ferro e aceiro (CNAE 24), que concentra o 69,4% do total de investimento en Galicia, por diante das actividades de pesca e acuicultura (CNAE 03), co 6,2%. Atendendo ao seu peso relativo no total estatal destacan as actividades do sector pesqueiro, que acolle o 99,5% do total esta-

Investimento estranxeiro bruto (1) en Galicia e España 2023: distribución segundo actividade

	Galicia		España		Galicia / España
	(en miles de euros)	*(% / total)*	*(en miles de euros)*	*(% / total)*	*(%)*
Total subsectores	**416.255,1**	**100**	**32.638.846,5**	**100**	**1,3**
24 Metalurxia, fabricación de produtos de ferro e aceiro	289.053,6	69,4	748.525,3	2,3	38,6
3 Pesca e acuicultura	25.738,5	6,2	25.885,8	0,1	99,4
35 Subministro de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire	19.196,3	4,6	2.092.282,0	6,4	0,9
52 Almacenamento e actividades anexas ao transporte	17.584,0	4,2	390.990,0	1,2	4,5
8 Outras industrias extractivas	16.500,0	4,0	37.285,4	0,1	44,3
63 Servizos de información	10.661,6	2,6	22.862,2	0,1	46,6
66 Actividades auxiliares ós servizos financeiros	9.668,2	2,3	389.496,5	1,2	2,5
65 Seguros, reaseguros, fondos pensión agás Seg. Social	9.400,9	2,3	806.643,0	2,5	1,2
17 Industria do papel	4.860,0	1,2	82.278,8	0,3	5,9
68 Actividades inmobiliarias	4.445,2	1,1	1.918.597,8	5,9	0,2
86 Actividades sanitarias	4.330,0	1,0	1.927.489,0	5,9	0,2
64 Servizos financeiros, agás seguros e fondos de pensión	1.595,0	0,4	573.104,1	1,8	0,3
45 Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	1.006,0	0,2	152.971,3	0,5	0,7
62 Programación, consultoría, outras actividades relacionadas	725,5	0,2	903.266,0	2,8	0,1
55 Servizos de aloxamento	538,0	0,1	529.501,4	1,6	0,1
47 Comercio polo miudo, agás vehículos motor	378,4	0,1	822.824,8	2,5	0,0
46 Comercio maiorista e interm. Comercio, agás vehículos motor	196,4	0,0	3.437.710,5	10,5	0,0
93 Actividades deportivas, recreativas e de entretemento	150,0	0,0	184.948,1	0,6	0,1
69 Actividades xurídicas e de contabilidade	101,5	0,0	97.363,1	0,3	0,1
Outros	126,1	0,0	17.494.821,4	53,6	0,0

(consulta: 21-3-2024)

(1) Operacións ETVE e non ETVE

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. *Datainvex*

3.3.13.

Investimento bruto (1) de Galicia e España no exterior 2023: distribución segundo actividade económica

	Galicia		España		Galicia / España
	(en miles de euros)	*(% / total)*	*(en miles de euros)*	*(% / total)*	*(%)*
Total	**1.011.549,6**	**100**	**21.425.075,9**	**100**	**4,7**
68 Actividades inmobiliarias	795.442,8	78,6	901.228,0	4,2	88,3
41 Construción de edificios	95.465,3	9,4	884.890,7	4,1	10,8
3 Pesca e acuicultura	64.313,8	6,4	64.877,3	0,3	99,1
23 Fabricación doutros productos minerais non metálicos	35.110,7	3,5	76.300,4	0,4	46,0
55 Servizos de aloxamento	8.774,8	0,9	172.445,6	0,8	5,1
10 Industria da alimentación	3.224,9	0,3	321.294,4	1,5	1,0
29 Fabricación de vehículos a motor, remolques	2.500,0	0,2	229.483,3	1,1	1,1
46 Comercio maior e interm. comercio, agás vehículos motor	1.750,0	0,2	1.328.867,6	6,2	0,1
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria	1.500,0	0,1	10.520,3	0,0	14,3
70 Act. Sedes centrais; Activ. Consultoría e xestión	1.283,8	0,1	506.725,6	2,4	0,3
35 Subministro de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire	959,5	0,1	3.506.526,6	16,4	0,0
56 Servizos de comidas e bebidas	716,6	0,1	8.530,3	0,0	8,4
64 Servizos financeiros, agás seguros e fondos de pensión	372,1	0,0	2.485.026,4	11,6	0,0
42 Enxeñería civil	132,0	0,0	1.673.882,6	7,8	0,0
Outros	3,4	0,0	9.254.477,1	43,2	0,0

(consulta: 21-3-2024)

(1) Operacións ETVE e non ETVE

Fonte:Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. *Datainvex*

3.3.14.

tal, os servizos informáticos (CNAE 63), que concentra o 46,6% do total, e outras industrias extractivas (CNAE 08), cun 44,3%.

No que respecta ao investimento bruto de Galicia no estranxeiro, **cadro 3.3.14.**, no último ano ascende a 1.011,5 millóns de euros (2.403,7 millóns no ano precedente), o que sitúa a Galicia como a quinta Comunidade Autónoma que máis inviste no estranxeiro, tras Madrid, Asturias, Cantabria e País Vasco. Tras este acusado descenso, o seu peso relativo no total estatal situouse no 4,7%, case dous puntos menos que no ano precedente (6,6%).

O 50,2% do investimento galego no estranxeiro no último ano diríxese cara Estados Unidos, cun total de 508,2 millóns de euros, seguidos por Canadá, que concentra o 24,5% (247,7 millóns), e Irlanda, que supón o 6,4% (64 millóns de euros).

O sector máis importante en termos da contía do investimento no exterior é o subsector de actividades inmobiliarias (CNAE 68), con 795,4 millóns de euros, o 78,6% do investimento total galego (o 88,3% do investido por España neste sector). A continuación situaríase a de construción de edificios (CNAE 41), con 95,5 millóns de euros, que representa o 9,4% do investimento no estranxeiro de Galicia, así como case o 11% do total investido por esta actividade no estranxeiro no conxunto do Estado (10,8%); e a pesca, con 64,3 millóns, o que supón o 6,4% do investido por Galicia e case a totalidade do investido polo sector no estranxeiro no conxunto de España. ❑